

DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS DOS ANIMAIS

Londres, 23 de setembro de 1977

Adoptada pola Liga Internacional dos Dereitos do Animal e as ligas nacionais afiliadas na terceira reunión sobre os dereitos dos animais, que tivo lugar en Londres do 21 ao 23 de setembro de 1977. Proclamada o 15 de outubro de 1978 pola Liga Internacional, as ligas nacionais e as persoas físicas que se asocian a elas. Aprobada pola Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), e posteriormente pola Organización das Nacións Unidas (ONU)

Preámbulo:

- Considerando que todo animal posúe dereitos.
- Considerando que o descoñecemento e desprezo dos anteditos dereitos conduciron á especie humana a cometer crimes contra a natureza e contra os outros animais.
- Considerando que o recoñecemento por parte da especie humana dos dereitos á existencia doutras especies de animais constitúe o fundamento da coexistencia das especies no mundo.
- Considerando que o home comete xenocidio e existe a ameaza de que o siga cometendo.
- Considerando que o respecto cara aos outros animais pola especie humana está ligado ao respecto dos homes entre eles mesmos.
- Considerando que a educación debe ensinar, dende a infancia, a observar, comprender, respectar e amar os demais animais..



Proclámase o que segue:

Artigo 1: todos os animais nacen iguais ante a vida e teñen os mesmos dereitos á existencia.

Artigo 2:

a) Todo animal ten dereito ao respecto.

b) O home, en tanto que é especie animal, non pode atribuírse o dereito a exterminar os outros animais ou a explotalos, violentando ese dereito. Ten a obriga de poñer os seus coñecementos ao servizo dos animais, o dereito a exterminar os outros animais ou de explotalos violando ese dereito.

c) Todos os animais teñen dereito á atención, aos coidados e á protección por parte da especie humana.

Artigo 3:

- a) Ningún animal será sometido a malos tratos nin a actos crueis.
- b) Se é necesaria a morte dun animal, esta debe ser instantánea, indolora e non xeradora de angustia.

Artigo 4:

- a) Todo animal pertencente a unha especie salvaxe ten dereito a vivir ceibe no seu propio ambiente natural, terrestre, aéreo ou acuático, e a reproducirse.
- b) Toda privación de liberdade, incluso aquela que teña fins educativos, é contraria a ese dereito.

Artigo 5:

- a) Todo animal pertencente a unha especie que viva tradicionalmente no contorno do home, ten dereito a vivir e medrar ao ritmo e nas condicións de vida e de liberdade que sexan propias da súa especie.
- b) Toda modificación do antedito ritmo ou condicións que fosen impostos polo home con fins mercantís, é contraria a este dereito.

Artigo 6:

Todo animal que o home escolleu como compañeiro ten dereito a que a duración da súa vida sexa conforme á súa lonxevidade natural.

Artigo 7:

Todo animal utilizado para traballar ten dereito a unha limitación razoable de tempo e intensidade de traballo, a unha alimentación reparadora e ao repouso.

Artigo 8:

- a) A experimentación con animais non humanos que implique un sufrimento físico ou psicolóxico é incompatible cos dereitos dos animais, tanto se se trata de experimentos médicos, científicos e comerciais, como toda outra forma de experimentación.
- b) As técnicas alternativas deben ser utilizadas e desenvolvidas.

Artigo 9:

Cando un animal é criado para a alimentación, debe ser nutrido, instalado e transportado, así como sacrificado, sen que iso resulte para el motivo de ansiedade ou dor.

Artigo 10:

a) Ningún animal debe ser explotado para esparexemento da especie humana.

b) As exhibicións de animais e os espectáculos que se serven de animais son incompatibles coa dignidade deste.

Artigo 11:

Todo acto que implique a morte dun animal sen necesidade é un biocidio, é dicir, un crime contra a vida.

Artigo 12:

a) Todo acto que implique a morte dun gran número de animais é un xenocidio, é dicir, un crime contra a especie.

b) A contaminación e a destrución do ambiente natural conducen ao xenocidio.

Artigo 13:

a) Un animal morto debe ser tratado con respecto.

b) As escenas de violencia nas que os animais son vítimas deben ser prohibidas no cine e na televisión salvo se ten como fin dar mostra dos atentados contra os dereitos dos animais.

Artigo 14:

a) Os organismos de protección e salvagarda dos animais deben ser representados a nivel gobernamental.

b) Os dereitos dos animais non humanos deben ser defendidos pola lei, como son os dereitos do home.

Consello da Xuventude de Galicia



**CONSELLO DA XUVENTUDE
DE GALICIA**